

Normativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CIRCULAR 4/2008 POLA QUE SE REGULAN AS PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL DAS ENSEÑANZAS DO RÉXIME ESPECIAL DE MÚSICA

III - Acceso a outros cursos do Grao Elemental

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que a idade do interesado estea comprendida nos límites establecidos no artigo 8.3 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, e se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outros cursos do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.

2. Os aspirantes a ingresar noutros cursos do grao elemental poderán realizar as probas de acceso para máis dunha especialidade, e disporán dun máximo de dúas convocatorias por especialidade e curso.

3. En relación ao punto anterior, non se computarán as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para o acceso aos ditos cursos do grao elemental.

4. Estas probas avaliarán as aptitudes, capacidades e coñecementos do aspirante para cursar os estudos nas distintas especialidades instrumentais para as que se solicita a praza.

5. En todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

6. Os aspirantes que opten a dúas especialidades dun mesmo curso realizarán o exercicio teórico-práctico recollido no apartado b) do punto anterior unha única vez.

7. A proba realizarase no instrumento correspondente a cada especialidade; non obstante, no caso das especialidades recollidas na columna B no Anexo I, poderá realizarse nos correspondentes instrumentos que figuran na columna A do citado anexo.

8. No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

a) Interpretación instrumental: 60%.

b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.

9. A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

10. Para a realización destas probas constituirase un só tribunal por especialidade e curso, que avaliará todos os exercicios propostos. Estará composto por tres membros, dos que polo menos un pertencerá á especialidade que se convoca ou, no seu defecto, a unha especialidade afin, e outro pertencerá á especialidade de Linguaxe Musical.

11. Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

12. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.